

## ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**18 de outubro de 2024**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e trinta minutos do día dezoito de outubro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. María Sandra Bastos Míguez (PP), D<sup>a</sup>. Belén Cachafeiro Anta (PP), D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez (PP), D<sup>a</sup>. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8271.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2024 (EXPTES. 2024067370-2024066943)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/WRIECnMw3Cj0pOVlsIOLR3UGhJ6mgECd7UMgCv2H6qMTDLGq>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2023006130, de data 2 de agosto de 2023, modificada por outra de 6 de maio de 2024 (RP2024003709) propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2024. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/24) por importe de 35.000.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.04/24) por importe de 8.000.000,00 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 04/24), fináncianse cos maiores ingresos correspondentes a da liquidación definitiva de 2022 da Participación nos Ingresos do Estado (P.I.E.): 28.762.764,87 euros e con parte das maiores entregas a conta da P.I.E. 2024 sobre as previstas no orzamento inicial de 2024 pola cantidade de 6.237.235,13 euros.
- Os suplementos de créditos (SUP. 04/24), fináncianse cos maiores ingresos correspondentes a da liquidación definitiva de 2022 da Participación nos Tributos do Estado (P.T.E.), con parte das maiores entregas a conta da P.I.E. 2024, sobre as previstas no orzamento inicial de 2024 e con parte do importe correspondente á Liquidación negativa de 2020 que foi compensada polo Estado (AGE), tal como se sinala no detalle do expediente.



Resultando que a Intervención emite informe de data 9 de outubro de 2024, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2024.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2024 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/24) por importe de 35.000.000,00 euros e suplementos de créditos (SUP.04/24) por importe de 8.000.000,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 04/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762,84	A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA_COOPERACIÓN.	35.000.000,00 €
	Total créditos extraordinarios...	35.000.000,00 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 04/24:

O expediente finánciase cos maiores ingresos correspondentes á da liquidación definitiva de 2022 da Participación nos Ingresos do Estado (P.I.E.)



e con parte das maiores entregas a conta da P.I.E. 2024, sobre as previstas no orzamento inicial de 2024.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420,10	F.C.F. INCREMENTO ENTREGAS A CONTA P.I.E. 2024	6.237.235,13 €
934-420,11	F.C.F. LIQUIDACIÓN P.I.E. 2022 (maiores ingresos)	28.762.764,87 €
	Total ingresos...	35.000.000,00 €

2. Suplementos de Crédito “SUP. 04/24”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-3420-762,95	A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS _ COOPERACIÓN	8.000.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	8.000.000,00 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 04/24:

O expediente finánciase cos maiores ingresos correspondentes a da liquidación definitiva de 2022 da Participación nos Tributos do Estado (P.T.E.), con parte das maiores entregas a conta da P.I.E. 2024, sobre as previstas no orzamento inicial de 2024 e con parte do importe correspondente á Liquidación negativa de 2020 que foi compensada polo Estado (AGE), tal como se sinala.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-100,00	Cesión IRPF (MAIORES ENTREGAS A CONTA 2024)	742.694,45 €
934-100,00	Cesión IRPF (Liquidación 2022)	1.794.856,48 €
934-210,00	Cesión IVA (Liquidación 2022)	2.115.822,85 €
934-420,10	F.C.F. INCREMENTO ENTREGAS A CONTA P.I.E. 2024	1.204.222,44 €
934-420,90	TRANSFERENCIAS AGE, COMPENSACIÓN LIQUIDACIÓN NEGATIVA 2020, (Maiores ingresos sobre orzamento inicial)	2.142.403,78 €
	Total ingresos...	8.000.000,00 €



Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	35.000.000,00 €
TOTAL SUPLEMENTOS...	8.000.000,00 €
SUMA...	43.000.000,00 €

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directo.	2.537.550,93 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	2.115.822,85 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	38.346.626,22 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	43.000.000,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	43.000.000,00 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	0,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Inwestimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	43.000.000,00 €
GATOS NON FINANCEIROS...	43.000.000,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	43.000.000,00 €

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 04/2024 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.04/24) por importe de 35.000.000,00



euros e suplementos de créditos (SUP.04/24) por importe de 8.000.000,00 euros, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2024, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularen reclamacións contra o mesmo.

2.8272.- **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA (EXPTES. 2024062370-2024068265)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/TbxQkGob6g76R6hd2essPOzt9nEEvGUzt78swJjnxMjvRSY9>

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, que xorde da necesidade de que as administracións orienten a súa planificación de investimentos cara fins de relevancia estratéxica, co fin de equilibrar a prestación dos servizos en todo o territorio, de acadar investimentos atractivos que contribúan a mellorar as dinámicas demográficas e que, ademais, se trate de investimentos públicos operativos, eficientes e transformadores, que teñan un efecto positivo real no modelo de vida que queremos para a nosa veciñanza.

Con este fin, articúlanse catro tipos de investimentos (novas infraestruturas públicas; infraestruturas públicas existentes; intervencións en espazos públicos urbanos ou naturais; e elementos necesarios para a recollida separada de bioresiduos de orixe doméstica (5º contedor)) que cumpran co carácter estratéxico local e sexan actuacións de competencia municipal de forma real e efectiva.





Polo tanto, o presente documento contén as bases reguladoras e convocatoria que rexerán un plan de carácter bienal en canto á súa execución, financiado con fondos propios da Deputación, que, de conformidade co establecido na D.A. Oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coa aprobación polo Pleno Provincial, constituirá a súa normativa específica. As bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia competitiva, dota de seguridade xurídica ao procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista toda a documentación relativa ao citado plan que obra no expediente; vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación de datas 13/09/2024 (CSV:K4R24JFMFU1XTNPR) e 27/09/2024 (CSV:QMTK6IPKJZF90TB2); o informe do Secretario Xeral, de data 17/09/2024 (CSV:4MAIJFGNT042ZW4); da Intervención Provincial de 30/09/2024 (CSV:C51TMY6QQ5QD3VOI); da xefa do Servizo de Cooperación de 10/10/2024 (CSV:IPUE1CMRTVWWSHBB); e a dilixencia da Intervención Provincial da mesma data (CSV:M8IY0HNNXK41CVJ95); e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de 15/10/2024, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

1º. Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, financiado pola Deputación de Pontevedra cun orzamento de trinta e cinco millóns (35.000.000,00) de euros, condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito núm. 4/2024.

O texto das Bases reguladoras e convocatoria figura co CSV:V2FGDIWME9C9ZD4X.

2º. Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.



3.8273.- **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (EXPTES. 2024066520-2024068270)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/EkGUrtHEjeMekM8wiQT9u0cE9Vi4WgrymdnzxDnSgH1qyDqn>

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas da Deputación Provincial de Pontevedra que xorde como instrumento de asistencia aos concellos no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por lei (arts. 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; artigos 80 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos de competencia municipal).

Estas bases e a súa convocatoria rexen a concesión de subvencións destinadas aos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes para que poidan acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas municipais existentes así como a construción de novas instalacións deportivas.

As bases constitúen a normativa específica destas axudas, de conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

O financiamento da convocatoria de axudas realízase con fondos propios da Deputación e as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrência non competitiva, dotan de seguridade xurídica ao procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación.

Vista toda a documentación relativa ao citado plan que obra no expediente; vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación de data 03/10/2024 (CSV:S27EZ1JJHSM3JZVM); do Secretario Xeral de 04/10/2024





(CSV:OFT543IVWDSO3R1A) e da Intervención Provincial de 04/10/2024 (CSV:V5DRZKFESNCH28KZ); e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de 15/10/2024, o Pleno acorda por unanimidade:

1º. Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, financiado pola Deputación Provincial de Pontevedra cun orzamento de oito millóns (8.000.000,00) de euros, condicionada á aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito núm. 4/2024.

O texto das Bases reguladoras e convocatoria figura co CSV: DJVA8TUK5MBAAQF0.

2º. Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 18 de outubro de 2024 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno extraordinario 18-outubro-2024”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - faea0dcd1e306e8ecd35506021fee8701015c2d97a7646030a07c291012a27ea71752fcb0b08d1d84f10afd3a33ee34d210c8933f7bcb91b98b2672a4d29f254 xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións.



O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=ZDIwMWQwZDEtYzMyMC00ZTJlLTg5YzctMzQwMzU2YzZjNmI4>

- Minutaxe -----

- 00:00:00 - López Diéguez, Luis
- 00:00:11 : 1. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2024 (Exptes. 2024067370-2024066943)
- 00:00:29 - Cubela López, Jorge
- 00:00:31 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez, María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Couselo Torres, María Isabel; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María M`nuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz; Remoto;
- 00:04:23 - López Diéguez, Luis
- 00:04:32 - Mosquera Lorenzo, César
- 00:06:28 - López Diéguez, Luis
- 00:06:38 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:08:55 - López Diéguez, Luis
- 00:09:02 - Cubela López, Jorge
- 00:11:24 - López Diéguez, Luis
- 00:11:32 - Mosquera Lorenzo, César
- 00:13:16 - López Diéguez, Luis
- 00:13:20 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:15:50 - López Diéguez, Luis
- 00:15:59 - Cubela López, Jorge
- 00:18:14 - López Diéguez, Luis
- 00:18:32 : 2. Aprobación das bases reguladoras e convocatoria do plan provincia extraordinaria-plan extra (expte. 2024062370-2024068265).
- 00:18:49 - Ramallo Vázquez, María Pilar
- 00:24:21 - López Diéguez, Luis
- 00:24:36 - Mosquera Lorenzo, César



- 00:29:35 - López Diéguez, Luis  
00:29:47 - Iglesias González, Ana Laura  
00:35:05 - López Diéguez, Luis  
00:35:13 - Iglesias González, Ana Laura  
00:35:21 - López Diéguez, Luis  
00:35:42 - López Diéguez, Luis  
00:35:49 - Ramallo Vázquez, María Pilar  
00:38:42 - López Diéguez, Luis  
00:39:00 - Mosquera Lorenzo, César  
00:39:42 - López Diéguez, Luis  
00:39:49 - Iglesias González, Ana Laura  
00:42:01 - López Diéguez, Luis  
00:42:07 - Ramallo Vázquez, María Pilar  
00:44:17 - López Diéguez, Luis
- 00:44:43 : 3. Aprobación das bases reguladoras e convocatoria do II plan  
extraordinario de infraestruturas deportivas (expte.  
2024066520-2024068270).
- 00:44:56 - Ramallo Vázquez, María Pilar  
00:49:34 - López Diéguez, Luis  
00:49:38 - Mosquera Lorenzo, César  
00:51:22 - López Diéguez, Luis  
00:51:38 - Ramallo Vázquez, María Pilar  
00:54:11 - López Diéguez, Luis  
00:54:17 - Mosquera Lorenzo, César  
00:55:16 - López Diéguez, Luis  
00:55:31 - Ramallo Vázquez, María Pilar  
00:57:14 - López Diéguez, Luis  
00:59:26 : [FIN]

-- o --

